

### III PREMIO ENSAIO SUBVERSIVO “GUILLERMO DOMÍNGUEZ”

COLECTIVO XELMÍREZ

Reunidos en Santiago de Compostela, no IES Xelmírez I, a mércores, día 27 de maio de 2015, o xurado do certame, composto polos membros que se relacionan a seguir:

**-Presidente:** D. Roberto J. López López, profesor, vicerreitor da USC e membro da ANPA do Xelmírez I.

**-Vogais:**

Rafael Varela, profesor de Filosofía do IES Antonio Fraguas de Santiago de Compostela.

Juan Carlos F.Naveiro, profesor de Filosofía do IES LucusAugusti de Lugo.

Antón Baamonde García, profesor de Filosofía do IES A. Xelmírez I de Santiago de Compostela

María Cuquejo, en representación da Secretaría de Política Lingüística

**-Secretaria:** Berta Mata Hermida, profesora de Filosofía do IES Xelmírez I, secretaria do Colectivo Xelmírez.

resolve fallar o III Certame de Ensaio Subversivo “Guillermo Domínguez” tal como se recolle a continuación e atendendo aos criterios que se expoñen:

**-Primeiro Premio**, dotado con 500 euros, a **IRIA TARRÍO PAZOS**, do IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra, polo seu ensaio “*Teoría do Campo Aberto*”, presentado co pseudónimo *Pizarnik*.

O xurado desexa motivar a súa decisión en base á grande calidade observada neste traballo segundo aspectos formais, de contido e da madurez amosada, así como na corrección no manexo da lingua galega. Neste sentido quere salientar o alto nivel de reflexión, coherencia e elaboración formal do ensaio, e a súa solidez argumentativa. Como aspectos materiais, desexa pór en destaque a potencia filosófica da proposición e resolución do tema, o manexo de contidos de diversos ámbitos de coñecemento –destácanse, moi especialmente, a epistemoloxía e a política, articulados de xeito impecábel– e a magnífica elección de fontes complementarias. Sorprenden a orixinalidade e a actualidade na presentación da temática, sendo quen de crear vocabulario e fuxir de tópicos, e conseguindo, inclusive, impactar esteticamente cos seus recursos estilísticos.

Finalmente, resulta fiel ao espírito subversivo do certame na súa defensa da quebra do concepto de verdade e amosa, innegabelmente, un fondo fecundo sobre o que seguir reflexionando.

**-Segundo Premio**, dotado con 200 euros, a **PAULA GONZÁLEZ CORTACÁNS**, do IES Ramón MenéndezPidal da Coruña, polo seu ensaio “*Nacer con reloxo*”, presentado co pseudónimo *RobinRêve*.

O xurado destaca neste traballo a súa orixinalidade formal, soltura expresiva e madurez xeral. Os seus contidos, encadrados nunha reflexión metafísica e vivencial sobre o sentido da vida e da existencia, reflicten autenticidade e frescura, non esquecendo a época na que se vive e nutríndose de referencias literarias e cinematográficas totalmente contemporáneas. O seu talante consegue conmover coa súa paixón, ás veces contida. Lingüisticamente axústase con creces ao requirido.

Ademais o xurado resolve facer **mención especial** ao traballo de **PAULA PORTELA CABANA**, do IES Leiras Pulpeiro de Lugo, titulado “*Traizón á especie*” e presentado baixo o pseudónimo *Nephelebrates*.

Tal decisión vén xustificada pola subversión que presenta no seu tema, podéndose cualificar de ir contracorrente na súa interpretación do que é a sensibilidade social. Valente, rebelde e pulcro, é un ensaio coherente, ben estruturado e moi ben escrito.

Para rematar, o xurado quere salientar a calidade xeral de todos os traballos que concorreron ao certame, a vontade e esforzo inestimábeis dos e das participantes e a súa satisfacción pola consolidación indubidábel do premio.

A entrega dos galardóns celebrárase o martes, **día 16 de xuño de 2015, ás 18:00 horas** na Biblioteca Antiga do **IES Xelmírez I** de Santiago de Compostela, facéndose extensiva a invitación ao acto a todos os participantes no certame.

En Santiago de Compostela, a 27 de maio de 2015